CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA lingua galega e literatura 3º CURSO ESO.

1.CONTEXTUALIZACIÓN E DATOS XERAIS....2
2.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE....2
3.ESTRUTURACIÓN DA APRENDIZAXE. CADROS DE SECUENCIAS DIDÁCTICAS: METODOLOXÍA, TEMPORALIZACIÓN, RECURSOS, FERRAMENTAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN....3
3.1.Secuencia didáctica SD1: Os albores da literatura galega....3
3.2.Secuencia didáctica SD2: As tipoloxías textuais....9
3.3.Secuencia didáctica SD3: Fundamentos da sintaxe I....14
3.4.Secuencia didáctica SD4: Literatura medieval: Sediam'eu na hermida de San Simion....28
3.5.Secuencia didáctica SD5: Como organizamos as palabras ao falar; sintaxe II....39
3.6.Secuencia didáctica SD6: Coitado don Foão!....50
3.7.Secuencia didáctica SD7: *Eu* non son o mesmo que *yo*....61
3.8.Secuencia didáctica SD8: Letras Galegas 2018: María Victoria Moreno....74
3.9.Secuencia didáctica SD9: Dos Precursores até Rosalía de Castro....79
3.10.Secuencia didáctica SD10: A triple coroa completa: Curros e Pondal....87
4.ADECUACIÓN AO CURRÍCULO; RELACIÓN E ORGANIZACIÓN DOS ESTÁNDARES, MÍNIMOS ESIXIBLES....92
5.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN....104
6.CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE: PERFIL DE ÁREA....108
7.AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS....108
8.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE....109
9.ACTIVIDADES DE REFORZO E DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES....109
10.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES....110
11.PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN....110

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

# 1. CONTEXTUALIZACIÓN E DATOS XERAIS

O curso consta de 2 grupos.

| GRUPOS | ALUMNADO | PROFESORADO | H/SEMANA | ESPAZOS |
|---|---|---|---|---|
| **3ºA** | 15 | Fernando Pazos | 3 | Aula de linguas |
| **3ºB** | 15 | | 3 | |

En 3º de ESO non se empregará libro de texto, polo que o profesor ou profesora encargado de impartir a materia será o que deseñe todo o itinerario educativo da materia neste curso.

# 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na CONCRECIÓN CURRICULAR DE CENTRO están establecidas as contribucións de cada área ou materia a cada unha das competencias clave. Os estándares de aprendizaxe organízanse segundo a competencia que se vai desenvolver. Deste xeito o perfil de área queda determinado, así como o perfil de competencia, onde reflíctese a contribución de cada área á consecución dunha competencia determinada.

Tamén diferenciamos os estándares máis competenciais, daqueles que sexan específicos de área e polo tanto, facilmente medibles polos mecanismos clásicos de avaliación. Para a avaliación destes estándares máis competenciais ou comúns a todas as áreas, están desenvolvidas unhas rúbricas de control para que, sexa o procedemento de avaliación que sexa, manterase sempre o mesmo o instrumento utilizado: a rúbrica. As rúbricas foron aprobadas polo claustro, e polo tanto son comúns a todas as áreas en todos os niveis, o que garante a homoxeneidade, equilibrio e obxectividade nos procesos formativos e avaliativos.

As propias rúbricas establecen os mínimos esixibles dos estándares aos que sexan de aplicación.

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

# 3. ESTRUTURACIÓN DA APRENDIZAXE. CADROS DE SECUENCIAS DIDÁCTICAS: METODOLOXÍA, TEMPORALIZACIÓN, RECURSOS, FERRAMENTAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

## 3.1. Secuencia didáctica SD1: Os albores da literatura galega

Esta secuencia didáctica concíbese como unha introdución á literatura medieval galego-portuguesa. O acceso a esta literatura por parte do alumnado da ESO é difícil tanto polo formato da propia literatura (a lingua medieval é substancialmente diferente da que se fala hoxe en día), como polos recursos estilísticos ou polo contexto extraliterario no que se insire. É neste último punto onde se quere facer incidencia, xa que se pretende ofrecer unha visión detallada da Idade Media atendendo tamén a diferentes aspectos non literarios: a sociedade, os acontecementos históricos, a lingua, a propia percepción do tempo...

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| LGB2.4.3.<br>LGB3.6.1 | **O Medievo, unha cuestión de perspectiva** | • Por parellas tentan imaxinar un día na vida dunha persoa do Medievo, unha persoa do pobo raso.<br>• Ofréceselles un listado de actividades domésticas cotiás para que expliquen como cren que se farían naquela época.<br>• Anótanse as respostas no encerado.<br>• Remátase explicando que a IM durou arredor de 10 séculos, 1000 anos. | • Coñecementos previos.<br>• Fotocopia do arquivo **"UD_Lirica_Medieval_3ºESO".**<br>• Traballo por parellas.<br>• Encerado.<br>• Traballo na casa posterior exposición na aula.<br>• Aula de informática.<br>• Aula de audiovisuais.<br>• Procura de información. | 0,5 sesións | • Observación do traballo por parellas.<br>• Posta en común en gran grupo. |

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

| | EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | • Sinalar que cousas se puideron manter máis ou menos constantes durante este período.<br>• A continuación, detállanse algúns aspectos concretos:<br>o Relixión<br>o Consideración social da muller<br>o Papel preponderante do home<br>o A vellez como autoridade<br>o Sistema político<br>o Sistema social estamental<br>o A medicina<br>o O comercio<br>• Os procesos de expansión dos estados | | 0,25 sesións | • Pequena reflexión en parellas e posta en gran grupo |
| | | | • Outros elementos que si sufriron cambios, pero tamén moi paulatinos<br>• Facer unha **liña do tempo do século XX** até a actualidade que inclúa 10 imaxes significativas sobre calquera realidade acontecida ao longo do século XX.<br>o Gustos: literarios, | | 0,25 sesións | • Valoración do traballo realizado e da exposición que del se fai.<br>• Pequena reflexión en parellas e posta en gran grupo: 100 anos son moitos anos. A literatura medieval galego-portuguesa durou |

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | musicais...<br>◦ Estética: a moda.<br>◦ Supersticións.<br>◦ Técnicas relacionadas con calquera arte: arquitectura, pintura, etc., etc. | | | moito máis. A Idade Media en si, 10 veces máis. |
| | **A sociedade medieval** | • Asociar as diferentes clases sociais co seu lugar na pirámide estamental.<br>• Entrégaselles a actividade **do arquivo "Piramide estamental_2"**<br>• Individualmente ou por parellas fan a actividade. | | 0,5 sesións | • Proxéctase no encerado e corríxese con persoas voluntarias |
| | **A historia** | • Repaso sistemático de diferentes acontecementos históricos relativos a Galiza organizados por séculos.<br>• Lectura en gran grupo e comentario dos acontecementos que se relacionan no arquivo **"UD_Lirica_Medieval_3ºESO"** | | 0,5 sesións | • Lectura comprensiva e interacción co grupo |
| LGB2.1.1.<br>LGB2.5.1.<br>LGB2.8.1.<br>LGB1.9.4. | **E por fin a literatura...** | • Como chegamos a saber da literatura medieval galego-portuguesa?<br>• Fánselles unhas preguntas | | 0,5 sesións | • Redáctanse as preguntas.<br>• Cada parella vai dando resposta en |

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| LGB2.1.2.<br>LGB4.1.4.<br>LGB4.4.1.<br>LGB5.1.1.<br>LGB5.2.1.<br>LGB5.2.2.<br>LGB5.2.3.<br>LGB5.2.4.<br>LGB5.3.1.<br>LGB5.4.1.<br>LGB5.5.1.<br>LGB5.6.2. | | directas:<br>o Como se producían materialmente os libros na IM?<br>o Canto tempo levaba copiar un libro?<br>o A cantas persoas implicaba?<br>o Por que se fixou por escrito o **corpus** literario galego-portugués?<br>o Quen estaba interesado en ter libros escritos en galego-portugués?<br>• Na aula de informática buscarán as respostas.<br>• Por parellas. | | | voz alta de maneira ordenada, completando aqueles aspectos que se crean máis clarificadores. |
| | | • ***O nome da Rosa***<br>• Como actividade complementaria á anterior, e a toda a SD, proponse o visionado dun fragmento da fita *O nome da rosa*, de Jean-Jacques Annaud que versiona a novela homónima de Umberto Eco<br>• Entrégaselles unha ficha de previsualización (**arquivo "O_nome_da_rosa_sinopse"**) | | 1 sesión | • Visualización en gran grupo e análise dos aspectos máis interesantes para o tema.<br>• Consulta de dúbidas.<br>• Realización de preguntas para verificar o grao de atención/comprensión. |

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | • Cales son os **textos concretos que se conservan**?<br>• Explicación do docente e proxección de imaxes no encerado dixital. | | 0,5 sesións | • Verificación ulterior en proba escrita. |
| | | • Os **axentes transmisores**<br>• Actividade de relacionar o nome do axente transmisor coa súa definición e ou actividade principal. | | 0,5 sesións | • Corrección no encerado con alumnado voluntario. |
| | **Importancia da literatura medieval galego-portuguesa** | • Que supuxo a literatura medieval galego-portuguesa para a historia da literatura?<br>• **Texto para esquematizar** en base a un guión:<br>o Lectura en gran grupo (unha vez).<br>o Lectura individual (as veces precisas).<br>o Lembra que é un esquema e non un resumo.<br>o Non debe exceder o tamaño dunha cara.<br>o Debe ser claro a primeira vista.<br>o Poden usar diferentes cores, tipos de bolígrafo, caixas, liñas, chaves, etc... o que prefiran. | | 1 sesión | • Corrección individualizada.<br>• Proba escrita.<br>• Rúbrica comprensión lectora. |

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

| | EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | • O texto atópase na última páxina do arquivo **"UD_Lirica_Medieval_3ºESO"** | | | |
| | | **O pergamiño Vindel** | • Visita á exposición do **Pergamiño Vindel** no Museo do Mar de Vigo.<br>• Preparación previa na aula.<br>o Procura de información.<br>o Realización dunha pequena exposición no centro. | • Traballo en grupos de catro persoas.<br>• Procura e procesamento da información.<br>• Exposición do traballo realizado. | 2 sesións | • Observación directa.<br>• Rúbrica traballo en grupo. |
| | | | | | [redacted] | |

## 3.2. Secuencia didáctica SD2: As tipoloxías textuais

Á hora de enfrontarse cun texto, o alumnado debe ter as ferramentas necesarias para percibir que é o que ese texto busca nel, adoptando unha actitude crítica e consciente de que calquera texto ten unha intención comunicativa concreta e que en moitas máis ocasións das que se cre esta intención pretende modificar hábitos de comportamento, de consumo ou incluso os máis íntimos valores das persoas.

Perante esta continua exposición descontrolada a centos de textos de moi diversa natureza, o alumnado debe poder dispoñer dunhas ferramentas, aínda que sexan simples, para poder determinar que é o que o que un texto lle pide e até onde está disposto a chegar. Para este fin, deseñouse unha SD que analizará tres tipoloxías básicas de texto: divulgativos/informativos, prescritivos e persuasivos. Todos eles se cruzan diariamente nas vidas dos alumnos e alumnas e necesitan, cando menos, ser quen de identificalos.

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| LGB1.3.2.<br>LGB3.6.1 | **As tipoloxías textuais** | • Presentación das tipoloxías textuais<br>• Preséntanse dous tipos de clasificación:<br>o Segundo a intencionalidade do emisor<br>o Segundo a estrutura do código lingüístico | • Coñecementos previos.<br>• Fotocopia do arquivo **"Tipoloxia_textual_tx_di-dactico_divulgativo_explicativo"**<br>• Procura de textos en diferentes soportes e de diferentes fontes.<br>• Encerado.<br>• Traballo na casa posterior exposición na aula.<br>• Aula de informática.<br>• Procura de información. | 0,5 sesións | • Exposición docente e lectura |
| LGB1.3.1.<br>LGB1.3.3.<br>LGB2.1.1. | **O texto didáctico divulgativo** | • Identificación posterior á lectura dun texto<br>• Preséntase un texto que se lerá en gran grupo para que tenten identificar a súa tipoloxía; procedemento dedutivo.<br>• A continuación dáse a solución e explícanse as características da tipoloxía dos textos didáctico ou divulgativos.<br>o Procura de outros textos deste tipo nos libros de texto doutras materias. | | 1 sesión | • Lectura en gran grupo de textos didáctico-divulgativos.<br>• Corrección das actividades a través da lectura en |

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | • Redacción dun texto propio deste tipo. | | | gran grupo e/ou a través doutro método. |
| LGB1.8.1.<br>LGB1.8.4.<br>LGB2.2.2.<br>LGB2.8.1.<br>LGB2.9.1. | **Texto prescritivo** | • Identificación do subtipo instrutivo<br>• Entrega e lectura da fotocopia "**OS TEXTOS PRESCRITIVOS**".<br>• Identificación de textos prescritivos e instrutivos atendendo ás características que se explicaron na aula. | | 1 sesión | • Lectura en gran grupo de textos prescritivos e instrutivos.<br>• Corrección das actividades a través da lectura en gran grupo e/ou a través doutro método. |
| | | • Unha carta de restaurante<br>• Divídese a aula en grupos de 4 persoas.<br>• Cada grupo deberá elaborar un menú do día dun seu restaurante. Deberá incluír basicamente:<br>o Nome do restaurante.<br>o Tres pratos. | | 2 sesións | • Observación das dinámicas de traballo en grupo.<br>• Orientación do traballo en grupo. |

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | ○ Receita de cada prato (entregóuselles un modelo previo)<br>○ Prezo.<br>• Exposición da carta ante o gran grupo.<br>• Previa entrega da fotocopia "**Textos prescritivos bo**". | | | • Rúbrica exposición oral.<br>• Rúbrica traballo en grupo. |
| LGB1.1.1.<br>LGB1.1.2.<br>LGB1.2.1.<br>LGB1.2.2.<br>LGB1.2.3.<br>LGB1.7.2.<br>LGB1.7.3.<br>LGB1.7.4.<br>LGB1.8.5.<br>LGB1.8.6.<br>LGB1.8.7.<br>LGB1.9.1.<br>LGB1.9.2.<br>LGB1.9.3.<br>LGB2.3.1.<br>LGB2.3.2.<br>LGB2.5.2.<br>LGB2.12.1.<br>LGB3.5.1. | **Texto persuasivo** | • Lectura de textos persuasivos.<br>• Identificación intuitiva da intención comunicativa deste tipo de textos.<br>• Procura do dicionario da palabra "persuadir".<br>• Valoración da importancia da subxectividade neste tipo de textos.<br>• Valoración da intención de obxectividade neste tipo de textos.<br>• Entrega da fotocopia "**Textos_persuasivos_alumnado**".<br>• Lectura e anotación das principais características desta tipoloxía textual.<br>• Lectura de varios textos curtos de carácter persuasivo.<br>• Debate: a favor ou en contra do uso do teléfono móbil no Centro de Ensino. | | 1 sesión | • Lectura en gran grupo de textos persuasivos.<br>• Corrección das actividades a través da lectura en gran grupo e/ou a través doutro método. |

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| LGB3.10.1. | | • Identificación deste tipo de textos na vida cotiá.<br>• Adopción dunha actitude crítica á hora de enfrontarse a este tipo de textos, nomeadamente o subtipo textos publicitarios.<br>• Procura de textos persuasivos en xornais e revistas.<br>• Visionado de textos persuasivos publicitarios.<br>• Identificación dalgunhas características básicas deste tipos de textos.<br>• O tipo de muller e de home destes anuncios.<br>• A venda da perfección.<br>• As realidades absolutas deste tipo de textos: a felicidade total, a torpeza absoluta, a incomodidade, o desexo, etc. | | 1 sesión | • Procura de textos persuasivos na na casa.<br>• Análise destes textos na aula en pequeno grupo.<br>• Identificación e posterior e exposición oral da intención persuasiva de cada un destes textos. |
| LGB2.11.1.<br>LGB2.11.2.<br>LGB5.6.1.<br>LGB5.6.2. | | • Creación dun texto persuasivo<br>• Elaboración individual dun texto persuasivo.<br>• Incorporación das características propias deste tipo de textos.<br>• De temática libre, pero seguindo os modelos traballados na clase. | | 0,5 sesións | • Lectura en voz alta e corrección dos traballos posteriormente e de maneira individual.<br>• Proba escrita. |
| | | | | **7 sesións** | |

## 3.3. Secuencia didáctica SD3: Fundamentos da sintaxe I

O dominio completo da lingua galega é uns dos obxectivos principais da materia de Lingua e Literatura a conseguir ao longo de toda a ESO. Sen dúbida ningunha que o coñecemento e o dominio das estruturas sintácticas da lingua son imprescindibles para poder entendela mellor e, en última instancia, manexala mellor.

A sintaxe dá conta dunha dimensión das linguas que vai máis aló da simple análise ou identificación de constituíntes frásticos ou clausais; responde, verdaderiamente, a unha dimensión cuase filosófica da propia lingua, a cal é un reflexo de como ve o seu contexto, interacciona con el e o reproduce. Esta visión tradicionalmente está asociada máis ben ao léxico ou incluso á morfoloxía, mais as relacións sintagmáticas e as paradigmáticas que se establecen no seo dos enunciados permiten, por unha banda, resaltar as diferencias que existen entre as distintas solucións que as linguas atoparon para se expresaren e, por outra, servir de sólida base para a propia aprendizaxe e perfeccionamento dunha lingua. Ámbolos dous aspectos son importantes para a materia de LGL e ámbolos dous se pretenden traballar aquí.

Nesta primeira aproximación á sintaxe preténdese que o alumnado entenda en que consiste e presentar os seus elementos básicos organizados arredor do concepto de frase.

A terminoloxía sintáctica que imos empregar para esta unidade é a proposta por G. Rojo e T. Jiménez Juliá en *Fundamentos del análisis sintáctico funcional*, USC, Santiago de Compostela, 1989, baseada na corrente do funcionalismo europeo.

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| LGB3.3.1.<br>LGB3.5.1.<br>LGB3.6.1 | **σύνταξις ou ΣΎΝΤΑΞΙΣ** | • Buscar no dicionario a palabra *sintaxe*.<br>o Buscar e apuntar os seus diferentes significados.<br>o Apuntar a etimoloxía.<br>o Tentar establecer | • Actividade que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.<br>• Creación dun ambiente distendido que lles permita aos alumnos e alumnas expresarse oralmente sen inhibicións e ir coñecéndose. | 0,5 sesións | • Observación das destrezas no manexo do diccionario.<br>• Anotación no encerado das mellores asociación |

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | vínculos entre o significa e que que é a sintaxe dunha lingua.<br>◦ Tentar buscar outros ámbitos en que a noción de sintaxe, dun xeito laxo, é importante e/ou operativa.<br>• Manéxase o dicionario por parellas.<br>• Apúntase a información.<br>• Discútese en parellas sobre os cuestións propostas.<br>◦ Ponse en común en gran grupo. | • Audición individual e logo colectiva, co obxectivo de mellorar a comprensión oral.<br>• Fincapé nos hábitos de traballo: responder as propostas; comprender a finalidade de cada apartado; utilizar o dicionario; facer clasificacións e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada, etc.<br>• Fomento do uso das TIC para resolver actividades ou ampliar ou complementar a información fornecida polo profesor.<br>• Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo.<br>• Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno/-a e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.<br>• Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.<br>• Posta en común en gran grupo a través do diálogo e a lectura colectiva, tras o traballo individual ou grupal.<br>• Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua galega e Literatura:<br>• Audición de gravacións que o profesor | | que xurdan. |
| LGB2.12.2<br>LGB2.12.3.<br>LGB2.12.4<br>LGB2.12.5.<br>LGB2.12.6. | **A unión fai a forza! (a unión logra a transformación!)** | • As palabras precisan combinarse. Onde se ven combinación de elementos para conseguir un novo fin ou realidade? Dá exemplos.<br>• En gran gupo, suxírenselle situacións ou realidades en que é necesario o concurso de diferentes | | 0,25 sesións | • Observación e anotación da capacidade de inventiva e de relación. |

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| LGB2.13.1.<br>LGB3.1.1.<br>LGB3.2.1.<br>LGB3.2.2. | | elementos. V. gr.:<br>o Un motor dun coche: unha válvula dun motor so non ten utilidade , só se se integra e relaciona.<br>o Un parafuso nun moble.<br>o O elo dunha cadea dunha bicicleta.<br>o Unha saia nun home/unha saia nun escocés.<br>• Por outra banda, o seu mal uso fai que o conxunto non funcione. | considere interesantes para a consecución dos obxectivos.<br>• Recursos fotocopiables elaborados polo profesor, con actividades de reforzo e ampliación e lecturas complementarias para traballar a comprensión lectora.<br>• Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita, en caso de considerárense necesarios.<br>• Recursos dixitais<br>• Sitios web que o profesor foi recompilando e que lles suxerirá ao seu alumnado en cada momento. | | |
| | | • Pero ás palabras tamén lles pasa o mesmo...<br>• A simple orde é importante:<br>o Ola, eu chámome Fernando.<br>o Chámome, ola Fernando eu.<br>• O conxunto é importante:<br>o Sintonía<br>o O equipo está en sintonía co adestrador.<br>o Unha leda sintonía soaba no estadio. | • Actividade que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.<br>• Fincapé nos hábitos de traballo: responder as actividades do libro; comprender a finalidade de cada apartado; facer clasificacións, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada; utilizar o dicionario; manexar algunha gramática que lles poida axudar a solucionar dúbidas (por exemplo, Gramática da lingua galega. Síntese práctica, de Xosé Feixó Cid, en Edicións | 0,5 sesións | • Traballo en gran grupo.<br>• Observación da participación. |

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | ○ Estado<br>○ En América hai moitos estados.<br>○ O estado da vítima é grave.<br>○ Andar<br>○ O reloxo non anda ben.<br>○ Eu ando todos os días.<br>• Eu ando todos os días no móbil. | Xerais), etc.<br>• Metodoloxía activa e participativa, de maneira que facilite a aprendizaxe, individual e colectiva, e favoreza a adquisición das competencias básicas (en concreto, da lingüística).<br>• Fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe, así como do interese pola literatura e pola cultura do seu pobo.<br>• Fomento da lectura a través de diferentes propostas e recursos que poidan motivar o interese do alumnado por determinados temas.<br>• | | |
| | **A sintaxe** | • | | 0,25 | • Observación directa. |
| LGB3.7.1 | **A frase** | • Definición<br>• Dáselles a definición de frase:<br>• Son unidades lingüísticas con sentido e sen verbo, integradas como mínimo por dúas palabras, que desempeñan unha función dentro da cláusula ou dentro doutras frases. | | 0,25 sesións | • Explicación e observación directa da participación. |

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | • Oposición frase /vs./ cláusula<br>• Dáselles a definición de cláusula e pídeselles que atopen as diferenzas e as semellanzas:<br>• Son unidades sintácticas que necesitan ter un verbo coa función de predicado para existiren. | | | |
| LGB2.1.3. LGB3.3.2. LGB3.13.1. | **Tipos de frases** | • Clasificación segundo o seu grao de complexidade<br>• Aquí cómpre explicar o concepto de recursividade:<br>o Prodúcese cando no interior dunha unidade hai outras unidades da súa mesma categoría.<br>• Se hai ou non recursividade, haberá frases simples ou complexas.<br>• Frases simples:<br>o Edificio alto<br>o Moi fermosa | | 0,75 sesións | • Explicación e observación directa da participación. |

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | o Moi ben<br>o Unha casa<br>o De rebote<br>• Frases complexas:<br>o Unha casa grande<br>o Coa cabeza<br>o Edificio extraordinariamente grande<br>• Para explicar as frases complexas pódeselles falar das estruturas fractais, as cales se caracaterizan por estar integradas por unidades máis pequenas todas elas iguais entre si e, ao mesmo tempo, iguais á estrutura xeral en que se insiren. Cada unha desas unidades intégrase por outras iguais e así até o infinito. O exemplo clásico para representar isto é o brócoli romanesco. | | | |
| | | • Segundo as relacións que se establecen no | | 0,25 sesións | • Explicación e observación |

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

| | EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | seu interior<br>• É máis complicado ca no caso anterior.<br>• Baséase na presenza ou non dun núcleo:<br>o Hai núcleo: <u>frase endocéntrica</u>.<br>o Non hai núcleo: <u>frase exocéntrica</u>.<br>• Crea algunha palabra (ou búscaa no encerado) que conteña os seguintes lexemas e morfemas:<br>o ENDO<br>o EXO<br>o CÉNTRICO<br>• Pídeselles que pensen en cousas (da natureza que for) onde a presenza dun elemento sexa fundamental para que esa cousa exista ou se poida entender como tal.<br>o Polbo á feira: o polbo é o elemento central.<br>o Diana: nela pódese atopar perfectamente o centro.<br>o Pan: sen fariña é | | | directa. |
| | | | | | 0,75 sesións | • Explicación e observación directa da participación e do grao de inventiva. |

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | impensable.<br>• A continuación pídeselles que pensen en cousas onde a presenza de todos os seus elementos é indispensable para a existencia da cousa mesma:<br>o Unha tortilla de patacas (ovos e patacas)<br>o Un acuario (auga e peixes)<br>• En ámbolos dous casos se pode partir dos exemplos e traballalos na clase en lugar de agardar a que xordan deles. Unha vez explicados, élles máis doado dar exemplos. | | | |
| | **A frase endocéntrica** | • Identificación<br>• Son as frases substantivas, as adxectivas e as adverbiais.<br>o As frases substantivas terán como núcleo un substantivo as adxectivas un adxectivo e as adverbiais un | | 0,5 sesións | • Explicación.<br>• Corrección no encerado. |

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | adverbio.<br>• Preséntanselles unhas frases endocéntricas nas que terán que identificar o subtipo de maneira xustificada. | | | |
| | | • Estrutura<br>• Explicación teórica.<br>o Todas teñen a seguinte estrutura: NÚC+MOD ou MOD+NÚC.<br>o O núcleo sempre se vai corresponder coa clase de palabra que lle dá nome á frase.<br>• Sobre o exercicio anterior, sinalar o NÚC e o MOD. | | 0,5 sesións | • Explicación.<br>• Corrección no encerado. |
| | **A frase exocéntrica** | • Identificación<br>• Son as frases preposicionais e as nominais.<br>• Nelas é imprescindible que aparezan dous elementos para que a frase teña sentido:<br>o Preséntanselles unhas frases exocéntricas nas | | 0,5 sesións | • Explicación.<br>• Corrección no encerado. |

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | que terán que identificar o subtipo de maneira xustificada.<br>• Cómpre ter en conta aquí que ambos os dous tipos de frases comezan por unha clase de palabra determinada: preposición e artigo ou adxectivo determinativo. | | | |
| | | • Estrutura.<br>• Explicación teórica.<br>o A frase preposicional ten a estrutura ENL+TER (enlace + termo)<br>o A frase nominal ten a estrutura DET+NOM (determinante + nominal).<br>o É importante ten en conta que nestes casos a orde é a que é, non é posible alterar a orde das funcións.<br>• Sobre o exercicio anterior, sinalar as diferentes funcións de cada frase exocéntrica. | | 0,5 sesións | • Explicación.<br>• Corrección no encerado. |

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

| | EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | **O diagrama arbóreo** | • Representación dunha análise sintáctica simple<br>• Partido dunha imaxe dunha árbore, explícase o método da análise sintánctica en árbore (imaxes "Esquema_arbore_1" e "Esquema_arbore_2".<br>• Razóase que no esquema pártese do máis xeral (a parte superior do esquema) e chégase ao máis concreto (a parte inferior do esquema), isto é, o nivel palabra.<br>• Tómanse as frases dos exercicios anteriores e analízase segundo este método.<br>• É importante sinalar que a análise non consiste en tirar raias cara a abaixo sen rumbo, senón que se debe facer de xeito que visualmente se dea conta da estrutura sintántica que subxace detrás de cada frase, | | | • Explicación.<br>• Corrección no encerado. |

| | EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | cláusula ou oración que se analice. Máis adiante poderase representar mellor isto, cando as estruturas vaian adquirindo maior complexidade. | | | |
| | | **Unidades e funcións** | • Unha unidade é unha cousa e unha función é algo que esa cousa pode facer. Vexamos.<br>• Pártese dun obxecto calquera, un garfo por exemplo, e pídeselle ao alumnado que diga posibles usos que se lle poden dar.<br>• O garfo é a UNIDADE e os diferentes usos son a FUNCIÓN.<br>• A continuación explícaselles que as unidades sempre son as mesmas (un artigo é sempre un artigo ou un substantivo...) independentemente da función que desenvolva. | | 0,5 sesións | • Explicación e realización conxunta e participativa. |

| | EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | • Análise de frases en árbore<br>• Preséntenselles unha frases para que as analicen segundo o esquema arbóreo.<br>• Cómpre lembrarlles dúas cousas:<br>o Que na análise sintáctica empézase polas unidade e remátase polas unidades.<br>o Que despois dunha unidade vai unha función e despois dunha función unha unidade. Sempre.<br>o Que as unidades se escriben en minúscula e as funcións en maiúscula.<br>• Que se deben usar sempre as mesmas etiquetas e non andar a modificalas constantemente. | | 2 sesións | • Corrección no encerado. |

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Mapa conceptual** | • Completar un mapa conceptual en base ao visto e explicado na clase.<br>• Entrégaselles un mapa conceptual incompleto que recolle toda a teoría explicada sobre a frase ("Mapa conceptual da frase").<br>• Deben completalo de xeito individual. | | | • Corrección no encerado.<br>• Proba escrita. |
| | | | | [redacted] | |

## 3.4. Secuencia didáctica SD4: Literatura medieval: Sediam'eu na hermida de San Simion...

Continuación do tema da literatura medieval iniciado na SD 1. Neste caso toca falar dos xéneros de amigo e de amor.

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| LGB5.1.1.<br>LGB5.3.2.<br>LGB3.6.1.<br>LGB4.1.6. | **Amigo e amor: dúas caras da mesma moeda... case** | • Lectura de dúas cantigas: unha de amor e outra de amigo<br>• Lectura por parte do profesor en alto dúas veces.<br>• Paráfrase e/ou explicación de cada unha delas.<br>o Amigo: "Levou-s'a fremosa, levou-s'a velida", de Pero Meogo.<br>o Amor: "Mia senhor, quantos eno mundo son", de Vasco Pérez Pardal.<br>• Por parellas:<br>o Anotar as palabras e/ou expresións difíciles.<br>• Buscar semellanzas e diferenzas entre unha e outra: voz poética, repeticións, progresión temática e indicadores de xénero ("amigo" e "senhor"). | • Actividade que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.<br>• Creación dun ambiente distendido que lles permita aos alumnos e alumnas expresarse oralmente | 1 sesión | • Explicación ao gran grupo.<br>• Observación do traballo por parellas.<br>• Posta en común. |
| | | • A voz importa, a voz poética<br>• Amigo: fala unha muller<br>• Amor: fala un home<br>• Malia todo, non son os dous lados dun espello.<br>o Amigo: unha moza nova, a *dona virgo* expresa os seus sentimentos a respecto do seu namorado.<br>• Amor: o propio trobador amosa os seus sentimentos de amor normalmente desesperados pola súa *senhor*, unha muller de clase alta. | | 0,5 sesións | • Explicación ao gran grupo. |
| LGB2.1.4.<br>LGB5.1.2. | **A cantiga de amigo** | • Que é?<br>• Cada un destes xénero traballarase na aula convencional, mais tamén na aula de informática a través dos seguintes recursos dixitais: | | 0,5 sesións | • Explicación ao gran grupo.<br>• Observación |

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | • Caracterízanse por... (actividade 3 do curso web dedicado á cantiga de amigo). | sen inhibicións e ir coñecéndose.<br>• Audición individual e logo colectiva, co obxectivo de mellorar a comprensión oral.<br>• Fincapé nos hábitos de traballo: responder as propostas; comprender a finalidade de cada apartado; | | da interacción.<br>• Autocorrección da actividade web. Revisión dos resultados polo docente.<br>• Corrección no encerado. |
| | | • Orixe<br>• A súa orixe considérase que é autóctona, aínda que tamén ten trazos da literatura provenzal.<br>• Buscar información sobre as *kharxas* mozárabes, que semellanzas hai entre estas e as cantigas de amigo? | | 0,5 sesións | • Explicación ao gran grupo.<br>• Observación da interacción. |
| LGB5.2.3.<br>LGB5.2.4.<br>LGB5.3.1. | | • Son recursos de repetición.<br>o Na IM a procura da Beleza estética estaba na repetición e interpretación dunha idea, na pequena variación. Isto é clave para entender estas cantigas.<br>o N'*O nome da rosa*, Jorge de Burgos di nun sermón que o obxectivo dos frades non é ser orixinais nin investigar senón dedicarse a unha "sublime recapitulación", da Biblia, neste caso. | | 0,5 sesións | • Explicación.<br>• Proposta da reflexión e o debate.<br>• Observación das participación. |

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | ○ Pedirlles que asocien estas ideas.<br>• Paralelismo: reflexión sobre cousas que son paralelas. Como pode ser un poema paralelo, ou conter paralelas?<br>• Póñense exemplos nas cantigas que se están a traballar.<br>○ Ter en conta a repetición temática e a formal. | utilizar o dicionario; facer clasificacións e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada, etc.<br>• Fomento do uso das TIC para resolver actividades ou ampliar ou complementar a información fornecida polo profesor.<br>• Fomento da aprendizaxe activa e | 0,5 sesións | • Observación das participación. |
| | | • Leixaprén: complexo en aparencia xogo de repetición de versos.<br>• Sobre a primeira cantiga:<br>○ pedirlles que rotulen con diferentes cores os versos completamente iguais.<br>○ Debuxar o esquema do leixaprén na encerado.<br>○ Ofrecer outros exemplos.<br>○ Darlles unha cantiga incompleta para que en base a estes dous recursos a completen integramente. (arquivo "Cantiga de amigo_leixapren")(Tamén hai un exercicio no sitio web de traballo). | | 1 sesión | • Observación das participación e anotación. |
| | | • Aparencia formal<br>• De refrán ou de mestría?<br>○ Aquí pódese aproveitar para estudar o diferente vocabulario poético que cómpre empregar para estudar as cantigas medievais, partindo do concepto "refrán".<br>▪ Refrán=estribillo<br>▪ Palavra=verso<br>▪ Cobra=estrofa<br>○ Outras cousas que tamén cambian: a rima ("rima macho" e "rima femia")<br>• Póñense dúas cantigas, unha a carón da outra, unha de refrán e outra de mestría, e pídeselles que atopen as diferenzas máis obvias.<br>• A continuación refórzase coa explicación o que eles e elas puideron | | 0,5 sesións | • Explicación e observación directa.<br>• Realización dalgún exercicio no encerado |

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | entender de maneira intuitiva. | do traballo colaborativo.<br>• Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno/-a e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.<br>• Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual. | | |
| | | • Pero, de que van concretamente?<br>o Subtipos segundo a temática<br>• Só se verá unha tipoloxía de subtipos (hai máis pero non é conveniente cargar demasiado a teoría)<br>• Dáselles a terminoloxía, por unha banda, e a definición e un exemplo de cada unha, por outra. Deben facer o esforzo de asociación.<br>o Bailadas.<br>o Mariñas ou barcarolas.<br>o Albas ou alboradas.<br>o Cantigas de romaría ou de ermida.<br>• Este é un bo momento, se non se fixo xa, para escoitar algunhas versións de cantigas medievais, en formato medieval e mais como adaptación contemporánea.<br>o Para isto recorremos ao sitio web de referencia, mais tamén ao blog "Son de poetas", | | 1 sesión | • Observación directa.<br>• Corrección no encerado. |
| LGB5.1.2.<br>LGB5.3.1.<br>LGB5.5.2. | **A cantiga de amor** | • Que é?<br>• Cada un destes xénero traballarase na aula convencional, mais tamén na aula de informática a través dos seguintes recursos dixitais:<br>• Caracterízanse por... (actividade 1 do curso web dedicado á cantiga de amor). | | 0,5 sesións | • Explicación ao gran grupo.<br>• Observación da interacción.<br>• Autocorrecci |

| EA | Actividades | Exercicios | Metodoloxía e recursos necesarios | Temporal. | Proced./instrum. de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | • Posta en común en gran grupo a través do diálogo e a lectura colectiva, tras o traballo individual ou grupal.<br>• Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua galega e Literatura: | | ón da actividade web. Revisión dos resultados polo docente.<br>• Corrección no encerado. |
| LGB1.8.6. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. | CCL | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | | | | 🌍 | | | |
| LGB1.8.7. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | | | | 🌍 | | | |
| LGB1.9.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión. | CCL | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | | | | 🌍 | | | |
| LGB1.9.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. | CCL | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | | | | 🌍 | | | |
| LGB1.9.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | | | | 🌍 | | | |
| LGB1.9.4. Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | 🌍 | | | | | | | | | 🌍 |

| Estándar de aprendizaxe | CC | Mínimo esixible | SD 1 | SD 2 | SD 3 | SD 4 | SD 5 | SD 6 | SD 7 | SD 8 | SD 9 | SD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LGB1.10.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | CD | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | | | | | | 🌍 | 🌍 | | |
| LGB1.10.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente. | CD | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos. | CAA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | 🌍 | | | | | | | | | |
| LGB2.1.2. Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais. | CAA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | 🌍 | | | | | | | | | |
| LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario. | CAA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | | 🌍 | | | | 🌍 | | | |
| LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | 🌍 | | | | | | |
| LGB2.2.1. Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | | | | | | | | | |
| LGB2.2.2. Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollas léxicas) coa tipoloxía textual (convocatoria, actas de reunión e regulamentos). | ESPECÍFICO ÁREA | | | 🌍 | | | | | | | | |
| LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | | | | | | | |
| LGB2.3.2. Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | | | | | | | |
| LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | | | | | | | | | |

| Estándar de aprendizaxe | CC | Mínimo esixible | SD 1 | SD 2 | SD 3 | SD 4 | SD 5 | SD 6 | SD 7 | SD 8 | SD 9 | SD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LGB2.4.2. Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe. | CAA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | | | | | 🌍 | | 🌍 | | |
| LGB2.4.3. Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | 🌍 | | | | | | | | | |
| LGB2.5.1. Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | 🌍 | | | | | | | | | |
| LGB2.5.2. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | | | | | | | |
| LGB2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información. | CD | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | | | | | | | | 🌍 | |
| LGB2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias. | CSC | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB2.8.1. Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto. | CCL | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | 🌍 | 🌍 | | | | 🌍 | 🌍 | 🌍 | 🌍 | 🌍 |
| LGB2.8.2. Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica e entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB2.9.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | | | | | | | |
| LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | | | | | | | |

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

| Estándar de aprendizaxe | CC | Mínimo esixible | SD 1 | SD 2 | SD 3 | SD 4 | SD 5 | SD 6 | SD 7 | SD 8 | SD 9 | SD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LGB2.11.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | | | | | 🌍 | | |
| LGB2.11.2. Usa correctamente elementos formais nos traballos educativos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos, etc. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | 🌍 | 🌍 | | | | | | 🌍 | | 🌍 |
| LGB2.12.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | | | | | 🌍 | | |
| LGB2.12.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seu escritos. | CAA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | | | | | | | | | |
| LGB2.12.3. Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito. | CAA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | 🌍 | | | | | | |
| LGB2.12.4. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | 🌍 | | | | | | |
| LGB2.12.5. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais). | ESPECÍFICO ÁREA | | | 🌍 | | 🌍 | | | | | | |
| LGB2.12.6. Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais). | CAA | | | 🌍 | | 🌍 | | | | | | |
| LGB2.13.1. Usa as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos. | CD | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | 🌍 | | | | | | |
| LGB2.14.1. Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e | CD | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | | | 🌍 | | | | | | |

| Estándar de aprendizaxe | CC | Mínimo esixible | SD 1 | SD 2 | SD 3 | SD 4 | SD 5 | SD 6 | SD 7 | SD 8 | SD 9 | SD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| escritores. | | | | | | | | | | | | |
| LGB3.1.1. Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | | 🌍 | | | | | | |
| LGB3.2.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais. | ESPECÍFICO ÁREA | | | 🌍 | | 🌍 | | | | | | |
| LGB3.2.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | 🌍 | | 🌍 | | | | | |
| LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | 🌍 | | | | 🌍 | | | |
| LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | 🌍 | | | | | | | |
| LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolven as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe. | CAA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | 🌍 | 🌍 | | | 🌍 | 🌍 | | | |
| LGB3.6.1. Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais. | ESPECÍFICO ÁREA | | 🌍 | 🌍 | 🌍 | 🌍 | 🌍 | 🌍 | 🌍 | 🌍 | 🌍 | 🌍 |
| LGB3.7.1. Revisa os textos para puntuar correctamente. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | 🌍 | | 🌍 | | | | | |
| LGB3.8.1. Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferenza os elementos que as desempeñan. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | 🌍 | | | | | | | |
| LGB3.9.1. Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un | ESPECÍFI | | | | 🌍 | | | | | | | |

| Estándar de aprendizaxe | CC | Mínimo esixible | SD 1 | SD 2 | SD 3 | SD 4 | SD 5 | SD 6 | SD 7 | SD 8 | SD 9 | SD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| texto. | CO ÁREA | | | | | | | | | | | |
| LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores. | ESPECÍFICO ÁREA | | | 🌍 | | | | | 🌍 | | | |
| LGB3.11.1. Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e a recoñece a postura de cada emisor. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | CSC | | | | | | | | | 🌍 | | |
| LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | ESPECÍFICO ÁREA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | | 🌍 | | 🌍 | | | | | |
| LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB4.1.2. Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB4.1.3. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB4.1.4. Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | | | | |
| LGB4.1.5. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social | ESPECÍFI | | | | | | | | | | | |

| Estándar de aprendizaxe | CC | Mínimo esixible | SD 1 | SD 2 | SD 3 | SD 4 | SD 5 | SD 6 | SD 7 | SD 8 | SD 9 | SD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| e económica galega. | CO ÁREA | | | | | | | | | | | |
| LGB4.1.6. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias). | CAA | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | | | 🌍 | | | 🌍 | | | |
| LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB4.2.2. Analiza gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB4.2.3. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB4.3.2. Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB4.4.1. Recoñece os principias elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | ESPECÍFICO ÁREA | | 🌍 | | | | | | | | | |
| LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | | | 🌍 | 🌍 |
| LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | | | 🌍 | 🌍 |

| Estándar de aprendizaxe | CC | Mínimo esixible | SD 1 | SD 2 | SD 3 | SD 4 | SD 5 | SD 6 | SD 7 | SD 8 | SD 9 | SD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | | | 🌍 | 🌍 |
| LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | CD | Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB4.5.1. Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB4.6.1. Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB4.7.1. Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGB4.7.3. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | | | | 🌍 | | | |
| LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916. | ESPECÍFICO ÁREA | | 🌍 | | | 🌍 | | 🌍 | | 🌍 | 🌍 | 🌍 |
| LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos. | ESPECÍFICO ÁREA | | 🌍 | | | 🌍 | | 🌍 | | 🌍 | 🌍 | 🌍 |
| LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 para a súa lectura. | ESPECÍFICO ÁREA | | 🌍 | | | 🌍 | | 🌍 | | 🌍 | 🌍 | 🌍 |

| Estándar de aprendizaxe | CC | Mínimo esixible | SD 1 | SD 2 | SD 3 | SD 4 | SD 5 | SD 6 | SD 7 | SD 8 | SD 9 | SD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | ESPECÍFICO ÁREA | | 🌍 | | | 🌍 | | 🌍 | | 🌍 | 🌍 | 🌍 |
| LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | ESPECÍFICO ÁREA | | 🌍 | | | 🌍 | | 🌍 | | 🌍 | 🌍 | 🌍 |
| LGLB5.2.4. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s). | ESPECÍFICO ÁREA | | 🌍 | | | 🌍 | | 🌍 | | 🌍 | 🌍 | 🌍 |
| LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. | ESPECÍFICO ÁREA | | 🌍 | | | 🌍 | | 🌍 | | 🌍 | 🌍 | 🌍 |
| LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes. | ESPECÍFICO ÁREA | | | | | 🌍 | | 🌍 | | 🌍 | 🌍 | 🌍 |
| LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. | ESPECÍFICO ÁREA | | 🌍 | | | 🌍 | | 🌍 | | 🌍 | 🌍 | 🌍 |
| LGLB5.5.1. Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas. | CAA | | 🌍 | | | 🌍 | | 🌍 | | 🌍 | 🌍 | 🌍 |
| LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das | CD | Definido na rúbrica correspondente da | | | | | | | | 🌍 | 🌍 | 🌍 |

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

| Estándar de aprendizaxe | CC | Mínimo esixible | SD 1 | SD 2 | SD 3 | SD 4 | SD 5 | SD 6 | SD 7 | SD 8 | SD 9 | SD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes. | | concreción curricular | | | | | | | | | | |
| LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. | ESPECÍFICO ÁREA | | | 🌍 | | 🌍 | | 🌍 | | | | |
| LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | ESPECÍFICO ÁREA | | 🌍 | 🌍 | | 🌍 | | 🌍 | | 🌍 | 🌍 | 🌍 |

# 5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Na táboa debedes indicar as porcentaxes que aparecen nas gráficas de xeito que quede claro como se calcula a nota en cada avaliación.












CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

A ponderación da nota na 1ª avaliación será:

| **Competencia** | Instrumentos de avaliación utilizados | Coeficiente de ponderación |
|---|---|---|
| **Contidos específicos da área** | | **Cualificación x** 0.64 |
| **CCL** | | **Cualificación x** 0.12 |
| **CAA** | | **Cualificación x** 0.10 |
| **CSC** | | **Cualificación x** 0.05 |
| **CD** | | **Cualificación x** 0.09 |
| | CUALIFICACIÓN TOTAL= | **1** |

A ponderación da nota na 2ª avaliación será:

| **Competencia** | Instrumentos de avaliación utilizados | Coeficiente de ponderación |
|---|---|---|
| **Contidos específicos da área** | | **Cualificación x** 0.59 |
| **CCL** | | **Cualificación x** 0.11 |
| **CAA** | | **Cualificación x** 0.13 |
| **CSC** | | **Cualificación x** 0.08 |
| **CD** | | **Cualificación x** 0.09 |
| | CUALIFICACIÓN TOTAL= | **1** |

A ponderación da nota na 3ª avaliación será:

| **Competencia** | Instrumentos de avaliación utilizados | Coeficiente de ponderación |
|---|---|---|
| **Contidos específicos da área** | | **Cualificación x** 0.64 |
| **CCL** | | **Cualificación x** 0.10 |
| **CAA** | | **Cualificación x** 0.12 |
| **CSC** | | **Cualificación x** 0.07 |
| **CD** | | **Cualificación x** 0.07 |
| | CUALIFICACIÓN TOTAL= | **1** |

A ponderación da nota na  avaliación ordinaria será:

| **Competencia** | Instrumentos de avaliación utilizados | Coeficiente de ponderación |
|---|---|---|
| **Contidos específicos da área** | | **Cualificación x** 069 |
| **CCL** | | **Cualificación x** 0.09 |
| **CAA** | | **Cualificación x** 0.10 |
| **CSC** | | **Cualificación x** 0.05 |
| **CD** | | **Cualificación x** 0.07 |
| | CUALIFICACIÓN TOTAL= | **1** |

Cómpre ter en conta algúns aspectos particulares á hora de abordar a **corrección** das **probas escritas.** Como norma xeral, serán válidos os seguintes **criterios de corrección**:

- **Criterios xerais**
  - As faltas de ortografía (tiles, confusión de letras, cambio na orde das letras, uso incorrecto de maiúsculas, etc.) resta, como norma xeral, 0,1 puntos. Outros erros que descontan o mesmo son o uso de castelanismos.
  - A presentación terase en conta. Como norma xeral valorarase cun máximo de 0,5 puntos dentro dos 10 que vale o conxunto da proba escrita. Estes 0,5 puntos sumaranse sempre que a presentación sexa boa e irá reducíndose paulatinamente en caso de que o exame teña eivas nalgún dos seguintes aspectos: borranchos, cinta ou líquido corrector, letra ilexible, uso de diferentes cores (exames), liñas tortas, inexistencia de marxes, etc.
  - As preguntas que se contesten a lapis non se corrixirán. Pódese facer unha excepción, sempre que se avise previamente, nas análises sintácticas de 3º e 4º de ESO, por exemplo.
  - Os fallos de expresión poden chegar a baixar a metade do valor dunha pregunta ou o seu valor completo en caso de que non sexa posible interpretar con claridade que é o que quere contestar o alumno ou alumna, ou en caso de que a resposta sexa ambigua ou anfibolóxica e poida dar lugar a distintas interpretacións. Considéranse fallos de expresión os erros de coherencia e cohesión ou a utilización de vocabulario infantil, impropio do curso.
  - En exames prácticos, non achegar exemplos ou facelo de xeito errado desconta a metade do valor da pregunta. Non empregar o tecnicismo adecuado pode descontar o valor total da pregunta.

- **Exames:**
  - A nota máxima dos exames será de 10 puntos que se dividirá en dúas partes, como xa se apuntou máis arriba: 9,5 puntos para os contidos e 0,5 puntos para a presentación.
  - Como norma xeral, os exames non superarán as dez (10) preguntas.
  - Cada pregunta terá indicado o seu valor entre parénteses.
  - En caso de que a materia a examinar así o suxira (pola súa propia natureza ou pola cantidade de contidos) poderá constar de menos preguntas.
  - A asignación dunha puntuación ou outra a unha pregunta determinarase polo seu grao de dificultade estimada, pola súa natureza (teórica ou práctica) e/ou pola extensión que require a súa resposta.
  - Os exames ou controis poderán ser fragmentados en dúas partes, unha teórica e outra práctica, se se considera que é preferible para o proceso avaliativo dende o punto de vista do alumnado. Nestes casos, haberá que especificar que se trata dunha soa proba dividida en dúas partes polo que a súa puntuación final conxunta será de dez (10) puntos.
  - Os exames ou controis tamén poderán ser fragmentados en parte de lingua e parte de literatura. Para todo o demais seguirase o indicado no punto anterior.

- **Controis de lectura:**

- Como norma xeral, farase un control de lectura por cada obra lida. Poderá ser substituído por outra proba (traballo, entrevista...) a criterio do profesor ou profesora, previa comunicación ao alumnado.
- En todos os controis de lectura se preguntará, entre outras cousas, polas seguintes cuestións:
    - Tema.
    - Argumento.
    - Descrición dalgún personaxe.
    - Localización dun fragmento dentro do conxunto da obra.
    - Opinión persoal.
    - De todas as preguntas, á que se lle dará máis importancia é á do argumento. Se se contesta de xeito incorrecto na súa totalidade pode dar lugar a suspender a proba.

Todo o aquí explicado a respecto da avaliación das probas escritas é perfectamente válido e aplicable ás probas extraordinarias de setembro. Nesta convocatoria, a única nota que se terá en conta será a derivada do exame que se lles propoña o cal versará, en todo caso, do conxunto de contidos explicados na materia ao longo de todo o curso escolar. Excepcionalmente, poderanse avaliar unicamente bloques de contido illados e/ou pedir traballos, sempre e cando se considere que é o mellor para extraer unha valoración obxectiva do traballo realizado por parte do alumno ou alumna. Nestes dous últimos casos, haberá que especificarlle claramente o método de avaliación aos alumnos ou alumnas interesados.
Por último, a área de Lingua e Literatura galega considera un eixo fundamental da súa programación o desenvolvemento da capacidade lectora dentro do alumnado, para iso cómpre fomentar a lectura dentro da práctica diaria docente.

Alén dos textos traballados diariamente a través dos libros, formato dixital, etc., o noso departamento quere contribuír ao desenvolvemento do plan lector propondo un mínimo dunha lectura por trimestre en todos os cursos.

A avaliación destas lecturas farase segundo o criterio do profesor a través de traballos escritos, probas escritas, entrevistas, debates, etc.

# 6. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE: PERFIL DE ÁREA




# 7. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

O inicio do proceso de ensinanza-aprendizaxe supón en si mesmo unha avaliación. Este elemento é tan importante que, se non aparece, pódese afirmar que se perde o control sobre o proceso.

Teoricamente, a avaliación inicial pódese entender como o proceso de toma de decisións que serve para planificar a intervención educativa a partir do coñecemento das capacidades e necesidades dun grupo de alumnos e alumnas, así como das características da contorna en que se sitúa.

A avaliación inicial debe servir para definir os coñecementos previos do alumnado, as súas competencias a respecto do currículo e as súas necesidades. Tamén achega información sobre o contexto escolar en se move o grupo, así como sobre a contorna socio-familiar do alumno ou alumna, informando sobre as expectativas que se ten do proceso de aprendizaxe e das posibilidades de axuda e colaboración da familia. Por último, define a intervención educativa que se vai levar a cabo, priorizando aqueles aspectos deficitarios, concreta as estratexias de aprendizaxe que o alumno ou alumna emprega para a incorporación de coñecementos e habilidades novas e sitúa o marco das sucesivas avaliacións sendo o referente para contrastar os avances obtidos ao longo do proceso de ensinanza levado a cabo.

A avaliación inicial concibímola, xa que logo, cunha dobre intención: por unha banda, recoller información sensible para o desenvolvemento da materia e, por outro, axuda clave para a toma de decisións.

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

Por todo isto, as primeiras semanas de curso terán como principal obxectivo coñecer o alumnado e recoller información a través de diferentes mecanismos que irán dende as probas escritas até os debates na aula, pasando por intervencións orais, etc.

En todo caso, este tipo de probas non terán carácter avaliativo, é dicir, non servirán para fixar a nota que o alumno ou alumno teña ao final de cada avaliación, senón que servirán unicamente para informar o propio proceso de ensinanza-aprendizaxe.

## 8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As persoas temos moitas características comúns, pero aínda tendo en consideración todas estas similitudes, os seres humanos diferimos uns de outros en moitos aspectos. As persoas non actuamos, sentimos nin pensamos da mesma forma. E por suposto, non temos todas as mesmas capacidades.

O ensino ten que ter presente que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispor de métodos de ensino alternativos segundo a diversidade do alumnado e segundo o ritmo de aprendizaxe.

Partindo do proxecto curricular elaborado por cada profesor, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado. Para iso hai que delimitar os obxectivos mínimos que se quere lograr co alumnado e que lles permitan continuar o aprendizaxe.

Unha vez decididos hai que ter en conta os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns poderían ser:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexibles.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.

## 9. ACTIVIDADES DE REFORZO E DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Lingua e Literatura Galega é unha das materias nas que é indispensable realizar sempre unha avaliación continua, pois as destrezas que se desenvolven neste eido son básicas en todos os cursos da ESO. Por iso á hora de avaliar aquel alumnado que teña a materia de Lingua e Literatura Galega pendente do curso anterior, o profesor ou profesora facilitaralle materiais e exercicios de reforzo para acadar unha avaliación

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

positiva. No caso de non entregar os traballos e exercicios que se lles propoñan só terán dereito a unha proba final da materia en maio.

Alumnado coa materia de Lingua e Literatura Galega pendente realizará dúas probas: unha á volta do Nadal e outra á volta da Semana Santa. Ademais de ter que entregar un caderno de traballo que conteña exercicios, esquemas, sintaxe e control de libros de lectura. A respecto da programación do curso anterior, o profesor especificará os contidos concretos que entrarán para cada avaliación. No caso de non obter unha cualificación positiva ou non presentarse, poderán optar a un exame final en maio.

A proba escrita de maio rexerase en todos os puntos polo especificado no apartado 5 desta programación a respecto dos exames, probas escritas, etc.

# 10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Todos os anos o departamento organiza varias actividades relacionadas con diferentes efemérides, moitas delas propostas por organizacións alleas ao propio centro (Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística, Consello da Cultura Galega, Casa Museo Rosalía de Castro, Concello de Meis e outros Concellos, etc.). A meirande parte das veces estas actividades non se poden prever na Programación Anual do curso xa que os seus promotores non poden publicitala até que estea a poucas semanas ou meses de se producir.

O Día das Letras Galegas sempre se fan actividades especiais ao longo de toda a semana que van dende a visita das exposicións que se colocan no propio centro até o deseño dunha secuencia didáctica axeitada a cada nivel que se imparte.

O departamento de Lingua Galega colabora tamén nas actividades organizadas por outros departamentos na organización de actividades como excursións ou a organización doutras efemérides como o Día do Libro (Dpto. de Lingua Castelá), o Día da Paz (Dpto. de Orientación), Día da Ciencia en Galego (Dpto. de Bioloxía e Física e Química), etc. De calquera maneira, o departamento co que máis colaboración se establece é co de Normalización e Dinamización Lingüística xa que o obxecto de traballo de ámbolos dous é o mesmo só que traballado dende perspectivas diferentes.

# 11. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

En primeiro lugar cómpre indicar que a programación didáctica do curso chegará ao alumnado e ás familias a través de dous medios:

1. Os profesores lerán ou entregaranlle a cada alumno/a ao principio de curso un guión cos puntos esenciais da programación: contidos mínimos, mínimos esixibles, rúbricas xerais, materiais didácticos e medios de recuperación.
2. A programación estará a disposición da comunidade educativa na páxina web do centro. Por outra banda, a programación será obxecto de avaliación e poderá

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 886 151.379 – Fax: 886 151.385. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

sufrir algunha variación en beneficio do proceso educativo e con vistas á mellor consecución dos obxectivos, previa conformidade dos membros do Departamento, que tratarán os aspectos relativos á docencia do alumnado. Tales modificacións, debidamente xustificadas, **deberán figurar nunha acta de departamento e recolleranse na memoria final de curso**.

3. Os instrumentos de avaliación de estándares transversais están na concreción curricular, a disposición da comunidade educativa na nosa web.

A avaliación da programación farase a través dos indicadores de logro que avalían o proceso de ensino e a práctica docente. A análise disto e dos resultados académicos, realizada nas **reunións de departamento** ao longo do curso e cuxo contido quedará reflectido no libro de actas do departamento, pode supoñer a modificación de aspectos da programación, tanto a nivel de obxectivos, como de recursos ou metodoloxía procurando sempre aportar cambios que supoñan unha mellora.

Para valorar o axuste entre a programación e os resultados obtidos dispoñemos da ferramenta seguinte, no que 4 é a cualificación máis alto e 1 a máis baixa:

| **INDICADORES DE LOGRO** | **4** | **3** | **2** | **1** | **Observación dos aspectos a mellorar** |
|---|---|---|---|---|---|
| A distribución temporal das actividades axustouse á previsión | | | | | |
| Respectouse a metodoloxía didáctica programada | | | | | |
| O grao mínimo de consecución dos estándares guiaron as decisións de aprobar a materia | | | | | |
| Aplicamos os procedementos e instrumentos de avaliación programados | | | | | |
| Axustámonos aos criterios de cualificación | | | | | |
| Aplicamos, na medida do posible, as medidas de atención á diversidade necesarias | | | | | |
| **Fixemos un correcto seguimento do alumnado con materias pendentes de cursos anteriores** | | | | | |
| Aplicamos medidas de reforzo educativo dirixidas a alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe | | | | | |
| Empregamos os materiais e recursos didácticos programados | | | | | |
| **Realizamos as actividades complementarias e extraescolares programadas** | | | | | |

No Mosteiro a setembro de 2017

O xefe do departamento